



DATOS IDENTIFICATIVOS

Sistema Educativo e Educación en Valores

| | | | | |
|-----------------------|---|--------|-------|--------------|
| Materia | Sistema Educativo e Educación en Valores | | | |
| Código | V02M066V02104 | | | |
| Titulación | Máster Universitario en Profesorado en Educación Secundaria Obligatoria, Bacharelato, Formación Profesional e Ensino de Idiomas. Especialidade (Vigo): Ciencias Experimentais. Matemáticas e Tecnoloxía | | | |
| Descritores | Creditos ECTS | Sinale | Curso | Cuadrimestre |
| | 3.5 | OB | 1 | 1c |
| Lingua de impartición | Castelán Galego | | | |
| Departamento | Análise e intervención psicosocioeducativa | | | |
| Coordinador/a | Cid González, Antonio Pedro Cid Fernández, Xosé Manuel Fernández González, María Reyes Carrera Fernández, María Victoria Vieites García García, Manuel F. | | | |
| Profesorado | Carrera Fernández, María Victoria Cid Fernández, Xosé Manuel Fernández González, María Reyes Vieites García García, Manuel F. | | | |
| Correo-e | mavicarrera@uvigo.es xcid@uvigo.es mvieites@uvigo.es antopedronio@uvigo.es ofoe-to@uvigo.es | | | |
| Web | | | | |

| | |
|------------------|--|
| Descrición xeral | <p>Toda práctica educativa de intervención educativa funda as súas raíces no sistema de ideas, procedementos e valores que os seus fins lle asignan. A posición dun/ha profesional do campo educativo que quere educar sen ter unha teoría clara e definida da educación sería tan irracional como a de aquel que quere guiar alguén sen saber de onde parte, por onde vai e onde se dirixe. Ésta é a razón pola que antes de deseñar o desenvolvemento de calquera intervención pedagóxica, o profesorado debe ter clara unha Teoría da Educación que guíe a determinación do proceso educativo e a selección dos medios para logralo.</p> <p>Para iso, e en primeiro lugar, é necesario precisar que é a Teoría da Educación, que lonxe de referirse exclusivamente a cuestións teóricas acerca da educación e polo tanto afastadas das realidades educativas, incide polo contrario en todos os aspectos propios da práctica educativa. Polo tanto, a Teoría da Educación significa coñecer para facer, saber para logo aplicar mellor as innovacións educativas e, en definitiva, para mellorar a calidade da educación.</p> <p>A continuación é obrigado determinar qué entendemos por educación, xa que ao ser un termo de uso habitual na vida cotiá porque a todas as persoas afecta de algún modo, todo o mundo se atrevería a dar unha definición de educación. Ademais, existen moitos conceptos afíns á educación como formación, ensino, aprendizaxe, instrución, capacitación, que se empregan en moitas ocasións como termos similares e que deben diferenciarse para a súa correcta utilización. Así mesmo, a educación non se pode reducir á que é impartida na escola -Educación Formal-, xa que as persoas se educan máis alá de ela e os influxos que se reciben a partir de outros medios son tanto ou máis potentes que os que proceden da escola e incluso interfíren na súa acción.</p> <p>Polo tanto, faise necesario traballar os conceptos de -Educación Non Formal-, definida como o conxunto de procesos, medios e institucións deseñados en función de explícitos obxectivos de formación, que non están directamente dirixidos á provisión dos graos propios do sistema educativo regrado, e o de -Educación Informal- que se referiría a aqueles procesos educativos que se producen indiferenciados de outros procesos sociais, que non foron institucionalizados nin sistematizados, que se dan no curso ordinario da vida.</p> <p>Un dos factores que influíu na crecente importancia que se lle outorgou tanto á Educación Non Formal como á Educación Informal foi o cambio nos valores defendidos pola sociedade, da defensa da virilidade ou a guerra pasouse á defensa da paz ou a tolerancia, valores nos que ata agora non educaba a escola e que a partir da transversalidade como na LOXSE e da inclusión da Educación en Valores da LOE, si serían incluídos nos seus contidos.</p> <p>Tendo en conta que a saída profesional deste curso de posgrao é a de ser docente en Educación Secundaria é polo que un bloque de contido centrarase exclusivamente no sistema educativo, co fin de introducir ao alumnado no universo da educación, prestando especial atención aos elementos que integran o sistema e ás súas funcións en relación coa acción educativa. En consecuencia considéranse os axentes socioeducativos e as súas responsabilidades pero tamén se presta especial atención a algunhas institucións fundamentais como o Estado ou as Comunidades Autónomas en tanto responsables da normativa educativa, responsables da redacción e desenvolvemento da Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación. A análise da situación actual complementábase cunha breve perspectiva histórica, considerando os retos e desafíos de futuro (LOMCE □ Lei Orgánica de Mellora e Calidade da Educación).</p> |
|------------------|--|

Competencias

Código

| | |
|-----|---|
| B7 | Deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe, con especial atención á equidade, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a formación cidadá e o respecto aos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de decisións e a construción dun futuro sustentable. |
| B13 | Coñecer a normativa e organización institucional do sistema educativo e modelos de mellora da calidade con aplicación aos centros de ensino |
| C6 | Coñecer a evolución histórica do sistema educativo no noso país. |
| C10 | Relacionar a educación co medio e comprender a función educadora da familia e a comunidade, tanto na adquisición de competencias e aprendizaxe como na educación no respecto dos dereitos e liberdades, na igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres e na igualdade de trato e non discriminación das persoas con discapacidade. |
| C11 | Coñecer a evolución histórica da familia, os seus diferentes tipos e a incidencia do contexto familiar na educación. |
| D1 | Utilizar bibliografía e ferramentas de procura de recursos bibliográficos xerais e específicos, incluíndo o acceso por Internet. |

Resultados de aprendizaxe

| Resultados previstos na materia | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|--|---------------------------------------|
| O alumnado é quen de analizar os aspectos substantivos do sistema educativo español nos ámbitos estatal e autonómico. O alumnado estuda e coñece a súa estrutura nunha perspectiva histórica e actual. | B13 C6 |
| O alumnado comprende os aspectos fundamentais da Lei Orgánica 2/2006 e da LOMCE, en relación cos niveis educativos vinculados ao Mestrado de Secundaria. | B13 C6 D1 |
| O alumnado coñece e valora o rol dos axentes socioeducativos nos procesos educativos formais propios das ensinanzas de secundaria, bacharelato, formación profesional e ensinanzas de idiomas. | B7 C10 C11 |

O alumnado sabe como deseñar e desenvolver espazos de aprendizaxe con especial atención á equidade, B7 a educación emocional e en valores, a igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, a B13 formación cidadá e ou respecto dos dereitos humanos que faciliten a vida en sociedade, a toma de C10 decisións e a construción dun futuro sostible. D1

Contidos

| Tema | |
|--|---|
| 1. O Universo educativo: concepto de educación. Os escenarios educativos. Educación formal, non formal e informal. | 1.1. Concepto de educación. Trazos xerais e diferenciais. 1.2. Clarificación terminolóxica. 1.3. Dimensións e piares da educación. 1.4. Os escenarios educativos: educación formal, non formal e informal. 1.5. Da escola tradicional ás escolas renovadas. |
| 2. O sistema educativo. Os axentes socioeducativos (educadores, alumnado, familia) e a súa evolución. | 2.1. O sistema educativo español. Análise histórica. LOGSE, LOCE, LOE, LOMCE. 2.2. A estrutura do sistema educativo despois da LOMCE. Ensinanza obrigatoria e posobrigatoria. Educación Secundaria e Bacharelato. Formación Profesional. Ensinanzas de Idiomas. 2.3. Institucións e axentes no sistema educativo. O rol do Estado e o das Comunidades Autónomas. Os centros educativos. Profesorado e alumnado. As familias. Asociacións escolares. |
| 3. A educación en valores. | 3.1. Marco conceptual da educación en valores e actitudes. Cara unha convivencia pacífica. 3.2. Metodoloxía e estratexias didácticas ante valores e actitudes. 3.3. Avaliación de valores e actitudes. 3.4. Actitudes do profesorado ante valores controvertidos. 3.5. A Declaración Universal dos Dereitos Humanos e a Declaración dos Dereitos da Infancia: contexto de actuación para a educación de valores e actitudes. |

Planificación

| | Horas na aula | Horas fóra da aula | Horas totais |
|---|---------------|--------------------|--------------|
| Sesión maxistral | 14 | 7 | 21 |
| Traballos de aula | 14 | 12.5 | 26.5 |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | 0 | 40 | 40 |

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

| | Descrición |
|---|--|
| Sesión maxistral | O profesorado explica os aspectos básicos dos núcleos temáticos da materia. |
| Traballos de aula | O alumnado realiza traballos nos que aplica os coñecementos desenvolvidos na sesión maxistral. |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | O alumnado realiza un traballo propio seguindo as indicacións do profesorado. |

Atención personalizada

| Metodoloxías | Descrición |
|---|------------|
| Sesión maxistral | Titorías |
| Traballos de aula | Titorías |
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | Titorías |

Avaliación

| | Descrición | Cualificación | Resultados de Formación e Aprendizaxe |
|-------------------|--|---------------|---------------------------------------|
| Sesión maxistral | O profesorado explica os aspectos básicos dos núcleos temáticos da materia | 20 | C6 C10 C11 |
| Traballos de aula | O alumnado aplica o coñecemento teórico a casos prácticos. | 30 | B7 B13 C6 C10 C11 |

| | | | | | |
|---|---|----|-----------|------------------|----|
| Resolución de problemas e/ou exercicios de forma autónoma | O alumnado realiza un traballo de elaboración propia segundo as indicacións do profesorado. | 50 | B7 B13 | C6 C10 C11 | D1 |
|---|---|----|-----------|------------------|----|

Outros comentarios sobre a Avaliación

Bibliografía. Fontes de información

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

Cuadernos de Pedagogía / Revista Galega do Educación/ Revista Galega do Ensino

Recomendacións
